

**Xestión de Persoal****EXPEDIENTE.-** 2021/G003/002098**PROCEDIMIENTO.-** Tramitación de Decretos**RESOLUCIÓN****Asunto:** BASES OBRADOIRO DE EMPREGO "ARTEIXO POLA CAPACITACIÓN XUVENIL 2021-2022"Na Casa do Concello de Arteixo, o Sr. Alcalde-Presidente, Carlos Calvelo Martínez, ante mín, Secretario Xeral, José María Vázquez Pita, dita a presente **RESOLUCIÓN:**

En base ás competencias do art. 21.1 da Lei 11/99 de modificación da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local e, de conformidade ao establecido polo Real Decreto Lei 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007 de 13 de abril do Novo Estatuto do Empregado Público e a Lei 2/2015, de 29 de abril, do Empregado Público de Galicia e,

Vista a subvención concedida pola Consellería de Emprego e Igualdade, para á realización do proxecto de Programa de emprego denominado "**ARTEIXO POLA CAPACITACIÓN XUVENIL 2021-2022**" ao abeiro da Orde do 31 de decembro de 2020, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe) da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (DOG núm. 21, do 2 de febreiro de 2021) e,

Vista a proposta de D. Carlos Calvelo Martínez, Alcalde-Presidente, de data 8 de xullo de 2021, con CVD: oIGj4wHyyLlvQ/qii6aJ de bases reguladoras da convocatoria para a contratación de do alumnado-traballador/a e o persoal docente e directivo do Programa de Emprego para mozos e mozas incluídas no ficheiro do sistema nacional de garantía xuvenil denominado "Arteixo pola Capacitación Xuvenil 2021-2022" (Núm. Expediente: 15/0010/2021) e,

Visto o informe conxunto emitido por Dna. Cristina Garay Aguirre, Técnica de Persoal e RR.HH., e Dna. Luz María Villa Álvarez, en data 12 de xullo de 2021, con CVD: Zq3nLM0NGaX144yo24bV

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a convocatoria e bases reguladoras para a selección do alumnado traballador e persoal do Programa de Emprego "Arteixo pola capacitación xuvenil 2021-2022, de seguido referidas:

**BASES PARA A PROVISIÓN, EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL POR OBRA OU SERVICIO DETERMINADO, DO ALUMNADO-TRABALLADOR/A E O PERSOAL DOCENTE E DIRECTIVO DO PROGRAMA DE EMPREGO PARA MOZOS E MOZAS**

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

## **INCLUÍDAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL DENOMINADO “ARTEIXO POLA CAPACITACIÓN XUVENIL 2021-2022”**

### **Primeira.- Obxecto**

A través do procedemento de selección que se sinala nestas bases e, de conformidade co disposto na Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, a Lei 7/1985, de 2 de abril, o Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, o Decreto Legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei da función pública de Galicia, e demais disposicións de pertinente aplicación, o obxecto desta convocatoria é a contratación laboral temporal do seguinte persoal para a xestión e desenvolvemento do obradoiro:

- un/unha director/a (**Anexo I**),
- dous/dúas docentes para a impartir o certificado de profesionalidade de revestimentos con pasta e morteiros na construción (EOCB0210) de nivel 2 (**Anexo II**)
- dezaseis (16) alumnos/as traballadores/as inscritos/as no ficheiro nacional de garantía xuvenil no ámbito da comunidade autónoma de Galicia (**Anexo IV**)

O importe total da subvención concedida corresponde a trescentos sesenta e nove mil catrocentos noventa e dous euros con trinta e dous céntimos (369.492,32 €).

### **Segunda.- Modalidade de contratación e duración do contrato**

A modalidade contractual que se aplicará para o persoal docente e directivo será a dun contrato de traballo de duración determinada por obra ou servizo. A relación contractual co persoal rexeráse pola normativa sobre contratación laboral temporal.

O alumnado será contratado mediante a modalidade de “contrato para a formación e o aprendizaxe”, desenvolto segundo a disposición adicional primeira do Real Decreto 1529/2012, do 8 de novembro, na que tamén se establecen as bases da formación profesional dual. Percibirán as retribucións que lle correspondan de conformidade co previsto na normativa vixente.

A contratación do persoal será pola duración total do programa de emprego e que comprenderá dende o 12 de agosto de 2021 ata o 11 de agosto de 2022 (12 meses).

Todo o persoal será contratado a xornada completa.

### **Terceira.- Convocatoria**

En cumprimento co capítulo III no seu artigo 12, punto 1)- Procedemento de selección do persoal de dirección, docente e administrativo- da Orde do 31 de decembro de 2020 (DOG

núm. 21 de 02/02/2021), da Consellería de Emprego e Igualdade, no que se establece que "Na selección do persoal de dirección, docente e administrativo o poderase empregar a oferta de emprego tramitada pola oficina de emprego, convocatoria pública ou ambas as dúas". O Concello de Arteixo presentará, no Servizo Público de Emprego de Galicia, unha oferta para a selección do persoal.

Os/as demandantes de emprego preseleccionados/as, pola oficina de emprego de Coruña-Centro, serán informados/as e convocados/as para participar no proceso de selección (pola oficina de emprego) unha vez presentada a oferta de emprego. O alumnado-traballador, o equipo docente e directivo presentarán toda a documentación que consideren oportuna no momento que se lle requira polo Departamento de Promoción Económica do Concello de Arteixo, co obxecto de ser valorada polo tribunal segundo baremo publicado nestas bases.

#### **Cuarta.- Listaxe admitidos/as.**

Todos/as os/as aspirantes preseleccionados/as pola oficina de emprego para esta convocatoria serán admitidos/as no proceso de selección en curso, pendentes da comprobación e verificación da información aportada polo servizo de emprego galego (SPEG).

Os diferentes procesos de selección celebraranse no Centro Arteixo Innovación, sito na Avenida Arsenio Iglesias, Parcela 46 de Arteixo.

#### **Quinta.- Tribunal cualificador.**

O tribunal cualificador nomearase de conformidade co artigo 55.1.c) e d) e art. 60 do Texto Refundido da Lei 7/2007 do Estatuto do Empregado Público, así como garantindo a competencia técnica, nivel de titulación e criterio de idoneidade e estará composto do seguinte xeito:

Presidente/a: Empregado/a público da corporación/subgrupo A1 ou Persoal laboral fixo grupo A1 do Concello de Arteixo ou doutra administración pública (titular e suplente): Beatriz García Mollón, técnica de emprego (titular) e D<sup>a</sup>. Cristina Garay Aguirre, técnica de RR.HH (suplente)

Secretaria/o, quen actuará con voz e voto: O/a secretario/a da Corporación ou funcionario da Corporación que lle substitúa (titular e suplente): D. José María Vázquez Pita, Secretario xeral (titular) e D<sup>a</sup> Belén Zas González, administrativa (suplente)

Vogais: Tres vogais, sendo funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Arteixo ou doutra administración pública cumprindo o criterio de titulación e especialidade técnica (titular e suplente):

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixogalicia.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

- D<sup>a</sup>. Beatriz Esmorís Pérez, técnica de planificación e coordinación (titular) e Óscar Miranda Lodeiros, Técnico de Educación Medioambiental (suplente).
- D<sup>a</sup>. María Pose Facal, orientadora laboral (titular) e D. Borja Rey Barreiro, Psicólogo (suplente).
- D<sup>a</sup>. Sonia González Rodríguez, Técnica de Educación Social (titular) e D. Marcos Docampo Fraga, técnico de Deportes (suplente)

O Tribunal poderá dispoñer da incorporación de asesores especialistas, os cales actuarán con voz e sen voto, cando as circunstancias así o aconselle.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo, os interesados poderán promovela recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

O Tribunal considerarase validamente constituído coa participación nas sesións de traballo de, polo menos, tres dos seus compoñentes, requiríndose a presenza de Presidente/a e Secretario/a obrigatoriamente.

As decisións do Tribunal tomaranse por unanimidade ou pola maioría simple dos membros presentes. A persoa designada como presidente/a, coa finalidade de dirimir os posibles empates nas votacións, disporá de voto de calidade.

### **Sexta.- Procedemento para a selección dos/as aspirantes.**

O Tribunal seleccionará aos aspirantes mediante o sistema de concurso-oposición e que se desenvolverá como se indican nos anexos I, II e III.

Para a selección do alumnado-traballador/a e o persoal encargado da xestión e desenvolvemento do obradoiro, o Concello de Arteixo tramitará as correspondentes ofertas de emprego na Oficina de emprego de Coruña-Centro para a obtención dos currículos a avaliar.

As ofertas adecuaranse os perfís das persoas solicitadas e aos baremos que se achegan nas páxinas seguintes. As persoas candidatas forzosamente deberán estar inscritas como demandantes de emprego e terá preferencia quen, en igualdade de condicións de cumprimento do perfil requirido, se atope en situación de desemprego (artigo 12.4).

Como resultado das ofertas, presentaranse un mínimo de tres candidaturas por cada un dos postos para a súa avaliación.

O ámbito da sondaxe será o Concello de Arteixo, ampliándose inicialmente, no caso de non se obter o número de candidaturas suficientes, a outros concellos do ámbito territorial da Oficina de emprego de Coruña-Centro, segundo o sistema de xestión de ofertas do Servizo Público de Emprego de Galicia.

A oficina de emprego poñerase en contacto coas persoas preseleccionadas, indicándolles o lugar e data da entrevista persoal na que se valorará a adecuación das mesmas aos postos de traballo ofertados. A documentación acreditativa dos méritos avaliábeis relacionados no currículo (ver anexos) presentarase por rexistro no Departamento de Promoción Económica no día e hora en que sexan citados polo persoal do citado departamento, aportando orixinal e copia da documentación que consideren baremable e unha relación da mesma por duplicado para poder asinar dese xeito un recibín:

1. *A titulación académica, xustificada co correspondente título académico oficial.*
2. *Os cursos realizados, que se xustificaran cos correspondentes diplomas.*
3. *A experiencia profesional, que deberá xustificarse:*
  - *Traballo por conta allea: Vida laboral expedida pola Tesourería Xeneral da Seguridade Social e contratos laborais ou certificados de empresa correspondentes para o contraste coa vida laboral. Computaranse as horas efectivas traballadas. Na ausencia de contratos de traballo, poderá xustificarse a ocupación desenvolvida con certificados de empresa ou calquera documento válido en dereito no que apareza indicada a ocupación.*
  - *Traballadores autónomos: Alta no imposto de actividades económicas (IAE) xunto coa vida laboral. No caso de non estar obrigados, documento que lles exima da obriga de cotizar ou calquera documento válido en dereito que se considere suficiente por parte do Grupo Mixto.*
  - *Traballos no estranxeiro: Certificación oficial na que conste a profesión desempeñada e os períodos traballados.*

As persoas candidatas preseleccionadas que non cumpran cos requisitos, ben de titulación, ben experiencia profesional,...etc, quedarán excluídas do proceso selectivo, polo que o seu currículo non será obxecto de baremo.

O Tribunal levará a cabo as entrevistas, as valorará e publicará as puntuacións no lugar de celebración. Ademais, redactará as correspondentes actas, que serán obxecto de exposición pública e se remitirán á xefatura territorial (Servizo de Orientación e Promoción Laboral). Con posterioridade valorará os currículos conforme aos baremos e redactará a correspondente acta que se remitirá á xefatura territorial (Servizo de Orientación e Promoción Laboral). A relación provisional das puntuacións outorgadas serán exportas no taboleiro da entidade promotora, da xefatura territorial e da Oficina de Emprego de Coruña-Centro, así como na páxina web da entidade promotora, debendo figurar o prazo para presentar reclamacións.

Os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas, por este orde serían:

- *O maior tempo acreditado como desempregado (dende a derradeira inscrición na oficina de emprego)*
- *A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado*
- *A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional*
- *A puntuación outorgada no apartado de experiencia docente, de estar contidas nas bases.*
- *A puntuación correspondente ás titulacións complementarias.*
- *A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.*
- *A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.*
- *O de maior idade.*

### **Sétima.-Proposta de aprobados/as.**

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal publicará no citado taboleiro de anuncios o nome dos/as aspirantes aprobados/as por orde da puntuación total final, con especificación desta. Así mesmo, elevarase esta relación, coa acta da sesión, ao Alcalde para proceder á formalización dos contratos correspondentes, a favor dos/as aspirantes que obtiveran a puntuación total máis alta (o grupo de traballo non poderá facer proposta de contratación a favor dun número de aspirantes superior ao das prazas convocadas). Calquera proposta que inclúa máis nomes que prazas convocadas ou contradiga o anteriormente establecido, será nula de pleno dereito.

As persoas candidatas que na data de remate do proceso selectivo, estiveses prestando servizos a tempo completo nun obradoiro de emprego, non poderán ser propostos para a súa incorporación ao novo proxecto, polo que pasarán a integrar a lista de reserva, ocupando o lugar que lles corresponda conforme á puntuación obtida no dito proceso de selección.



### **Oitava.- Presentación de documentos.**

Os/as aspirantes incluídos na proposta de contratación do Tribunal presentarán, no prazo de tres días naturais, os documentos que acrediten que cumpren todos e cada un dos requisitos esixidos para esta convocatoria, fotocopia do DNI, tarxeta de demandante de emprego e tarxeta da seguridade social.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, os/as aspirantes propostos/as non presentaran a súa documentación ou non acreditaran reunir os requisitos esixidos, non se poderá proceder á súa contratación, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera ter incorrido por falsidade na instancia ou na documentación presentada para tomar parte neste proceso selectivo.

### **Novena.- Formalización de contrato.**

Unha vez presentada a documentación á que se refire o apartado anterior, o órgano competente da Corporación procederá á contratación a favor dos/as aspirantes propostos/as polo Tribunal Cualificador, e será nula a contratación de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

A formalización dos contratos terá lugar dentro do prazo de tres días naturais, a contar desde a data de notificación do acordo de contratación

Previamente á sinatura dos contratos, os/as aspirantes contratados/as deberán subscribir a declaración á que se refire o artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre incompatibilidades.

Os/as aspirantes seleccionados/as deberán incorporarse ao seu traballo no prazo máximo de tres días naturais dende que sexan requiridos para elo.

Mentres non se formalicen os respectivos contratos e non se incorporen aos posto de traballo, os/as aspirantes non terán dereito a percepción económica de ningunha clase.

As persoas contratadas estarán obrigadas a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable, e quedarán sometidas a un período de proba, co alcance previsto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, e estarán suxeitas á lexislación laboral pertinente.

### **Décima.- Publicidade do proceso selectivo**

A publicidade dos distintos actos derivados deste proceso selectivo, así como as comunicacións a que dese lugar, realizaranse mediante publicación no taboleiro de edictos deste Concello, sen prexuízo de calquera outro medio de difusión que se considere oportuno.

### **Protección datos de carácter persoal.**

De conformidade coa Lei Orgánica 3/2018 de 5 decembro de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos persoais facilitados serán incorporados a un ficheiro de titularidade pública, do que é responsable o Concello de Arteixo, coa finalidade de aplicalos ás actividades relacionadas coas súas competencias segundo se especifica no Regulamento municipal de protección de datos de carácter persoal. En relación cos seus datos persoais, poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición nos termos previstos Lei 3/2018 de 5 decembro, dirixíndose ao Concello de Arteixo (Praza Alcalde Ramón Dopico – 15142 – Arteixo – A Coruña)

### **Décimo primeira.- Normas finais.**

Para todo o non previsto nestas bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido na Lei reguladora das bases de réxime local, na Lei de administración local de Galicia, Real Decreto 896/1991, Real Decreto 364/1995, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polas/os interesadas/os nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes.

Sen prexuízo do carácter administrativo dos actos que integran o procedemento da selección fiscalizables ante a xurisdición contencioso-administrativo, o réxime xurídico dos contratos será a da lexislación laboral, correspondendo aos xulgados do social o coñecemento das cuestións que se deriven do incumprimento dos mesmos."

## **Anexo I: BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA DIRECTOR/A a tempo completo**

### **Funcións**

Encargarase da coordinación xeral do programa de emprego e dos medios humanos e materiais, sendo a persoa responsable das relacións co exterior: Consellería de Emprego e Igualdade, entidade promotora e empresariado.



Levará a cabo a xestión e a supervisión económica do proxecto, así como das actuacións e servizos que se desenvolvan no mesmo.

Así mesmo, coordinará e supervisará os aspectos técnicos e formativos do proxecto e do traballo administrativo, e responsabilizarase de que se imparta a formación en prevención de riscos laborais.

En xeral estará encargado do bo funcionamento do Programa de Emprego, concretamente:

- Elaborar, xunto co equipo docente, a proposta do plan de actuacións
- Presentar ante a Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade e ante os Concello de Arteixo as memorias periódicas e finais, os datos da xestión orzamentaria da execución das actuacións, e a preparación da información e documentación necesaria para a compra ou alugueiro de material ou maquinaria.
- Coordinar a programación didáctica, de conformidade co plan formativo do proxecto e o certificado de profesionalidade.
- Supervisar a formación do alumnado-traballador/a e a labor educativa do persoal docente.
- Facilitar a inserción laboral do alumnado durante e unha vez rematado o proxecto.
- Controlar o cumprimento das obrigas de todo o persoal do obradoiro, asistencias, puntualidade, comportamento no posto de traballo; todo en consonancia co regulamento de dereitos e deberes do alumnado.
- Propoñer, organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo do alumnado-traballador/a.
- Velar polo cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo, encargando ao resto do persoal docente e de apoio o control directo do mesmo.
- Exercer as funcións de Dirección de obra.

## Requisitos mínimos

Titulación requirida: Universitaria na rama de Arquitectura.

Mínima: Licenciatura/Grao

### Entrevista:

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un máximo de **6 puntos**.

## Valoración do currículo

### Titulación académica:

- Titulación universitaria ou equivalente relacionada e axeitada ao programa:

- Diplomatura, 1 punto
- Licenciatura ou grao, 1,5 puntos
- Posgrao, ata 100 horas: 0,25 puntos; mais de 100 horas: 0,50 puntos
- Máster, ata 500 horas: 0,75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto
- Doutoramento: 1,25 puntos

● Título técnico superior da rama correspondente, ou equivalente: 0,10 puntos.

● Título técnico da rama correspondente, ou equivalente: 0,05 puntos.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible **2 puntos**.

### Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 5 puntos.

- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 4 puntos.

Terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do cualificado como "requisitos mínimo" indicados para poder acceder á oferta de traballo.

A puntuación máxima que se pode acadar son **9 puntos**.

### Cursos realizados

Valoraranse unicamente os relacionados coas funcións a desenvolver e que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso
- Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.
- A asistencia a xornadas, conferencias, congresos, etc. non puntuarán.

A puntuación máxima que se pode acadar son **2 puntos**.

### Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. Teranse unicamente en consideración o grao superior dos presentados.

A puntuación máxima a obter por este apartado será de ata **1 punto**.

### **Puntuación final:**

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo currículo persoal e a entrevista.

## **Anexo II: BAREMO PARA A SELECCIÓN DE MESTRE/A DE REVESTIMENTOS CON PASTA E MORTEIROS NA CONSTRUCIÓN**

### **Funcións**

Impartir a educación correspondente ao oficios e de actuar como mestre da súa especialidade nas actuacións que se leven a cabo como práctica profesional no programa de emprego.

1. Elaborar xunto coa dirección a programación didáctica das respectivas áreas ou módulos formativos do certificado de profesionalidade.
2. Desenvolver, cumprir e impartir o programa formativo na aula e nas actuacións a executar. Incluirá a preparación previa dos contidos teórico-prácticos e a realización das actividades correspondentes.
3. Responsabilizaranse da aprendizaxe do alumnado-traballador, do regulamento de réxime interno (asistencia, puntualidade, actitude...) e das normas de seguridade e saúde en particular.
4. Notificará á dirección do programa de emprego as incidencias das que teña coñecemento.
5. Responsabilizaranse do mantemento, conservación e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
6. Cursarán á dirección do programa de emprego as solicitudes de compra de materiais, ferramentas e maquinaria necesarios para o normal desenvolvemento da súa actividade.
7. Contribuirán á orientación profesional e laboral do alumnado-traballador, e realizarán funcións de titorización.

### **Requisitos mínimos**

Nivel académico: os establecidos no RD 219/2013, do 12 de setembro, que regula o certificado de profesionalidade da especialidade.

Experiencia profesional: a esixida nos certificados de profesionalidade para a impartir de docencia acreditarase en horas efectivas traballadas (1 ano no caso de contar con acreditación, 3 anos nos restantes casos).

## Valoración do currículo

### Titulación académica:

- Titulación universitaria ou equivalente relacionada e axeitada ao obradoiro:

- Diplomatura, 1 punto.
- Licenciatura ou grao, 1,5 puntos;
- Posgrao, ata 100 horas: 0,25 puntos; mais de 100 horas: 0,50 puntos
- Máster, ata 500 horas: 0,75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto
- Doutoramento: 1,25 puntos

● Título técnico superior da rama correspondente, ou equivalente: 0,10 puntos.

● Título técnico da rama correspondente, ou equivalente: 0,05 puntos.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do aspirante. Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible **2 puntos**.

### Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 4 puntos.

Terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do cualificado como "requisitos mínimo" indicados para poder acceder á oferta de traballo.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **9 puntos**.

### Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso
- Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

- A asistencia a xornadas, conferencias, congresos, etc. non se baremará.  
A puntuación máxima é de **1 punto**.

Cursos de formación:

- Curso de especialización docente (100 horas): 0,50 puntos
  - Curso de metodoloxía didáctica (150 horas): 0,75 puntos
  - Curso de formador de formadores (400 horas): 1 punto
  - Curso de C.A.P, ou equivalente (master en secundaria):1 punto
  - Curso de Docencia da Formación Profesional para o Emprego (SSCE0110): 1 punto
- A puntuación máxima é **1 punto**.

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. Teranse unicamente en consideración o grao superior dos presentados.

A puntuación máxima a obter por este apartado será de ata **1 punto**.

Entrevista:

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un máximo de **6 puntos**.

**Puntuación final:**

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo currículo persoal e a entrevista.

**Anexo III: BAREMO SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR/A**

O Concello de Arteixo tramitará a correspondente oferta na Oficina de emprego de Coruña-Centro, para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas polo grupo de traballo.

Como parte do proceso de selección realizarase unha entrevista persoal para avaliar o seu interese en participar no proxecto e aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma

as relativas a súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo. Nembargantes, o Tribunal poderá optar por substituíla por un procedemento de selección consistente nunha reunión na que serán citados todas as persoas candidatas preseleccionadas, para seren sometidas a un cuestionario previamente aprobado polo Tribunal.

Con posterioridade e despois de publicar no lugar no que se realizará a entrevista as puntuacións da mesma, aplicará o baremo establecido neste anexo III, por medio do que serán avaliadas as circunstancias persoais e profesionais das candidaturas remitidas pola oficina de emprego.

#### Parámetros da Oferta de emprego

Idade mínima: 18 anos (tanto para este caso como para a fase de baremación, as referencias a idade serán todas computadas no momento en que se faga a sondaxe de selección da oferta de emprego)

Localidade: Ámbito do Concello de Arteixo

Situación Laboral: Persoas que figuren como beneficiarias no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, sen que se requira a súa inscrición como demandantes de emprego, sempre que cumpran os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación e aprendizaxe durante toda a duración do obradoiro.

Titulación de acceso: criterios de acceso a certificados de profesionalidade de nivel 2.

Candidaturas: 3 por praza, de seren posible. A sondaxe poderá iniciarse cos demandantes de emprego que cumpran a condición anterior e teñan como servizos solicitados os códigos 320 "Escolas taller programas", 330 "Casa de oficio", 340 "Taller de Emprego"; ou 370, "Outros programas de formación de emprego, formación dual".

O grupo de traballo deberá aplicar os criterios preferentes de selección que figuran nos artigos 2 e 11 da Orde do 31 de decembro de 2020 (DOG núm. 21, do 2 de febreiro de 2021) e no artigo 105.3 da Lei 18/2014, de 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia e no Programa operativo de emprego xuvenil 2014-2020, así como nas instrucións remitidas pola Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Xúntase coas bases un baremo para a puntuación das candidaturas seleccionadas.

Quedarán excluídas do proceso de selección, incluso no caso de seren elixidas, aquelas persoas das que se detectara que aportaran como xustificantes calquera tipo de documentación que non reflecta a súa situación en dito momento. Ademais, o grupo de traballo poderá excluír do proceso selectivo quen tivera participado anteriormente nunha escola obradoiro ou obradoiro de emprego.

O Tribunal redactará a correspondente acta resultado da selección segundo a suma das dúas puntuacións e a remitirá á xefatura territorial (Servizo de Orientación e Promoción Laboral), acompañada da relación do alumnado admitido e excluído indicando, neste último caso, a causa da súa exclusión.

Criterios	Puntos
-----------	--------

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



1. Ter planificado no seu Itinerario Profesional de Inserción a súa participación nestes programas 6 puntos

2. Persoas beneficiarias que non recibiran previamente atención polo sistema. 4 puntos

3. Idade:

De 18 ata 20 anos 0,5 puntos

De 21 ata 22 anos 1 punto

De 23 ata 24 anos 2 puntos

De 25 anos en adiante 3 puntos

4. Discapacidade  $\geq 33\%$  1 punto

5. Experiencia laboral

<12 meses 2 puntos

$\geq 12$  meses 1 punto

6. Nivel de cualificación profesional (máximo).

Alta (que posúa certificado de profesionalidade de nivel 3, título de FP de ciclo superior ou titulación universitaria: 0,5 puntos

Media (que posúa carné profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2 ou FP ciclo medio: 1,5 puntos

Baixa (quen non posúa un carné profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2 ou título de FP medio ou superior ou titulación universitaria: 3 puntos.

7. Entrevista:

Entrevista persoal co obxectivo de avaliar o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación as singularidades do proxecto formativo: 8 puntos

O Tribunal poderá optar por substituí a entrevista por un procedemento de selección consistente nunha reunión na que serán citados todas as persoas candidatas preseleccionadas, para seren sometidas a un cuestionario previamente aprobado polo grupo. O cuestionario terá a mesma puntuación que a entrevista.

A documentación achegarase por rexistro do Departamento de Promoción Económica do Concello de Arteixo no momento en que sexa requirida.

Quen non aporte ningún documento referido a os puntos 4, 5 ou 6 para a súa baremación se lle adxudicarán 0 puntos nese apartado.

A documentación que non reflecta a situación real da persoa candidata implicará a súa exclusión do proceso de selección.

SEGUNDO.- Dar traslado da presente Resolución ao Dpto. de Persoal para que procedan segundo os trámites oportunos.

TERCEIRO.- Dar traslado ao Comité de Empresa do Concello de Arteixo.

En Arteixo, asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde D. Carlos Calvelo Martínez, do que eu, D. José María Vázquez Pita, como Secretario Xeral, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).